



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de maio de 2026

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(411).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de maio de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(413).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE: 2026-2029. EXPTE. 290587/301.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 18/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 1 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. A Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai moitos anos coa “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

I.3. Rematada a vixencia do anterior Convenio 2022-2025, aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 03.03.2022 (Exp. n.º 231070/301), estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2026 a 2029, a fin de garantir un marco máis estable que permita unha mellor prestación deste servizo de atención ás persoas.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “*Convenio AFAN*” (65.000€). As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión desta liña de subvencións (“*Liña 1.6. Axudas de emerxencia*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.7. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por in-*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 2 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

cumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2027, 2028 e 2029 e á inclusión desta subvención no PES.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN (CIF G-36660348) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 260.000€, a razón de 65.000€/ano, con cargo no exercicio de 2026 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “Convenio AFAN”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2026 – 2029)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 3 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Doutra parte,

D^a. Hortensia González Fernández, con DNI n^o 35.914.549-A, presidenta da Asociación, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora n^o 44 desta cidade.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que AFAN é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento. Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do alugamento.

Está inscrita no RUEPSS (nº E-0075) e no Rexistro municipal de Asociacións desde o ano 1988 co nº 00055-88 e constitúe un valioso recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade no que se traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

III.- Que de acordo co disposto no Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e au-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 4 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

tonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBR).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2026, polo que ten a consideración de sub-

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 5 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

vención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

SEGUNDA.- AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Admitir a todas as persoas e familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os servizos sociais e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º) Atender ás persoas que lle sexan remitidas desde o Servizo de Benestar social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación, de luns a sábado, durante todo o ano.

3º) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais incluíndo os datos de asistencia das persoas usuarias na plataforma informática administrada polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, cando estea operativa.

4º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5º) Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPA-CAP).

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029, por importe de 65.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 260.000€. O gasto correspondente a 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 6 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

CUARTA.-Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.-O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 7 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumplir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas coñecidos da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de AFAN e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- AFAN comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- AFAN poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 1 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 8 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterà memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 9 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 10 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmasse que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(414).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ” 2026-2029. EXPTE. 290998/301.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 11 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I. INFORME

I.1. A asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharaui» ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o pobo saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acolhidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai uns 25 anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos ata a nosa cidade.

I.4. Para a realización de canto antecede, no orzamento de Benestar Social do ano 2026 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.489.00.11 – *Convenio saharais*, por un importe de 70.000€. A subvención que se propón está prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o Art. 28 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2027, 2028 e 2029 (en principio, outros 70.000€/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“*Liña 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación: Convenio anual coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. A máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do Art. 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión desta subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contra-prestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas nos primeiros meses do ano, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 12 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “*sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida*”.

I.7. Neste caso, o obxecto de subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento, desde Tindouf ata Vigo, de menores refuxiados do Sáhara Occidental; nenos e nenas que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, polo que a razón humanitaria está suficientemente xustificada.

I.8. Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» para a execución do proxecto de acollimento familiar temporal “VACACIÓNS EN PAZ” (anos 2026-2029).

I.9. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2027, 2028 e 2029 e á inclusión desta subvención no PES.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 13 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (CIF G-15924558), para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz” (2026-2029).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 280.000€, a razón de 70.000€/ano, con cargo no exercicio de 2026 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 - *Convenio saharauis*—, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓN EN PAZ” (2026-2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D^a. María Isla Avión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 14 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. María Isla Avión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 24.02.2024 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no RUEPSS (nº E6742), no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia (n.º 2004/007037) e no Rexistro municipal de Asociacións (n.º 1364-19) que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai moitos anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.

Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.

III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista nos seus orzamentos.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 15 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 16 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharaui (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharauis desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:

- A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.
- A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.
- A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharai para Galicia.
- A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».
- A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.
- A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no Art. 11 da L.9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 70.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 280.000€. O gasto correspondente a 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 – *Convenio saharauis*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subven-

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 17 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cións (“Liña 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar con antelación o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención *“sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida”*.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 18 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No prazo de dous (2) meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a beneficiaria comprométese a presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

Así mesmo, deberá presentar unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
2. Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto. Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicítase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 19 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “estampillado” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 20 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

DÉCIMO SEXTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VISÉXIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos.

Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 21 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VISÉXIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(415).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE EXECUCIÓN DA INTERVENCIÓN ARTÍSTICA NO BARRIO DE O ROCÍO NO MARCO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS. EXPTE. 12904/307.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/05/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención artística no Barrio de O Rocío no marco do Programa Municipal de Medianeiras (12904-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención artística no Barrio de O Rocío no marco do Programa Municipal de Medianeiras (12904-307)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 22 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE EXECUCIÓN DA INTERVENCIÓN ARTÍSTICA NO BARRIO DE O ROCÍO NO MARCO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo arquitecta técnica municipal o 28 de xaneiro de 2026.

3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 12 de febreiro de 2026..

4º.- Autorizar o gasto total de CENTO SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (106.552,60 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de DEZAOITO MIL CATROCIENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (18.492,60 euros)., con cargo á aplicación orzamentaria 3340.2270622 Patrimonio artístico barrio de O Rocío do orzamento municipal para o ano 2026 (RC 12026000005912).

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención artística no Barrio de O Rocío no marco do Programa Municipal de Medianeiras (12904-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP	93,40

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 23 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP, o día 17 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 30 de abril de 2026, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 7 de maio de 2026, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación da solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora onde figuran os estatutos co obxecto social, así como o nomeamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (88.060,00 €), presentan a declaración do IVA do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (106.552,60 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva (4.400,00 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 24 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de datas 7 e 8 de abril de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, do día 16 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención artística no Barrio de O Rocío no marco do Programa Municipal de Medianeiras (12904-307) por un prezo total do contrato de 106.480,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.480,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(416).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DOS DISPOSITIVOS E CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN ASÍ COMO O SOFTWARE ASOCIADO A SÚA XESTIÓN. EXPTE. 10846/113.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/05/2026, que di o seguinte:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 25 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado a súa xestión (10846-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro en réxime de arrendamento dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado a súa xestión (10846-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun sistema de marcadores visuais (códigos de cores) e unha aplicación móbil, e os servizos complementarios necesarios, que actúen conxuntamente como un avanzado sistema de orientación e acceso á información para persoas con discapacidade visual, que proverá dun mínimo de 190 códigos e a posibilidade de ampliar ese número segundo necesidades, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 21/11/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de datas 21 e 24 de novembro de 2025 respectivamente.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 12/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 19 e 20 de xaneiro de 2026 respectivamente.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 19/01/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 26 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 04/02/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 66.985,15 €, que inclúe un IVE de 11.625,52 €, dende o 1 de agosto de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	55.359,63 €	11.625,52 €	66.985,15 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente os gasto de 736.836,62 €, que inclúe un IVE de 127.880,72 €, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2028	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2029	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2030	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	110.719,25 €	23.251,04 €	133.970,30 €
TOTAL			608.955,89 €	127.880,72 €	736.836,62 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 27 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 23 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do subministro en réxime de arrendamento dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado a súa xestión (10846-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SOLITIUM, SL	86,76
2	BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, SL	55,87

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLITIUM, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLITIUM, SL, o día 24 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 6 de maio de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (140.668,81 €) presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (140.668,81 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Plan de igualdade e certificado de inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 28 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- Declaración de contar cun mínimo do 2% de traballadores con discapacidade segundo o disposto no artigo 71.1d) da LCSP.
- Seguro de caución por un importe de 33.215,78 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLITIUM, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLITIUM, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 7 e 20 de abril de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 29 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar a SOLITIUM, SL o procedemento aberto do subministro en réxime de arrendamento dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado a súa xestión (10846-113) por un prezo total do contrato de 803.821,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 139.506,26 euros e coas seguintes condicións:

- A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios mensuais de alugueiro dos dispositivos de impresión recollidos no apartado 3.H das FEC é do 31,02 % .
- O prezo das copias en branco e negro é de 0,00600000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00126000 euros, o que supón un prezo total de 0,00726000 euros.
- O prezo das copias en cor é de 0,04200000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 0,00882000 euros, o que supón un prezo total de 0,05082000 euros.
- O hardware dos dispositivos de impresión a subministrar reunirá as seguintes características:

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
Característica	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de impresión (nº páxinas por minuto)	50 ppm	43	37	45	30	136

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
Característica	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Memoria (en MB)	2GB	3,5GB	6 GB	6 GB	8 GB	2 GB

	Tipo dispositivo segundo o PPT				
Característica	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6	Tipo 7
Finalizadores (indicar nº)		2	2	1	1

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
Característica	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Capacidade de carga de papel dos equipos (nº follas)	650	650	600	1200	1200	8300

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
Característica	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de resposta	4,1	6,9	3,8	3,30,	4	4,6





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

	Tipo dispositivo segundo o PPT					
da primeira impresión (en frío) (en segundos)*						

* Velocidade = 1 folia/segundos

e) Para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos de aluguer mensual por ano de contrato son os que se consignan na seguinte táboa (IVE incluído):

Tipo	ano 1	ano 2	ano 3	ano 4	ano 5
T1	4,15 €	4,15 €	4,15 €	10,25 €	10,25 €
T2	11,39 €	11,39 €	11,39 €	28,13 €	28,13 €
T3	10,32 €	10,32 €	10,32 €	12,99 €	12,99 €
T4	8,33 €	10,42 €	13,89 €	20,83 €	41,67 €
T5	8,33 €	10,42 €	13,89 €	20,83 €	41,67 €
T6	400,97 €	400,97 €	400,97 €	400,97 €	400,97 €
T7	8,33 €	10,42 €	13,89 €	20,83 €	41,67 €

f) Os valores de consumo enerxético para cada un dos tipos de dispositivos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 son os seguintes:

1. Tipo 1: 0,419 Kw/semana
2. Tipo 2: 0,419 Kw/semana
3. Tipo 3: 0,37 Kw/semana
4. Tipo 4: 0,44 Kw/semana
5. Tipo 5: 0,30 Kw/semana
6. Tipo 6: 17,8 Kw/semana

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(417).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "DEEP PURPLE". EXPTE. 10625/335.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral da Área

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 31 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Deep Purple" (10625-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de maio de 2026º, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "DEEP PURPLE" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/26.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 574.084,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 474.450,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 6 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL.

Terceiro.- O 13 de maio de 2026 ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 14 de maio de 2026, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 32 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 14 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 33 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Deep Purple" (10625-335) por un prezo total de 574.084,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 99.634,50 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(418).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA “CORAL CASABLANCA”. EXPTE. 10629/335.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da "Coral Casablanca" (10629-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da “CORAL CASABLANCA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 34 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/04/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 20/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 46.585,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 38.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 8 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 11 de maio de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 14 de maio de 2026, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 35 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 14 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da "Coral Casablanca" (10629-335) por un prezo total de 46.585,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.085,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 36 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

8(419).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE CHAYANNE. EXPTE. 10622/335.

Visto o informe de fiscalización do 18/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Chayanne" (10622-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "CHAYANNE" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 17/03/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 853.050,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 705.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 8 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 37 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- O 11 de maio de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 15 de maio de 2026, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma"*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *"Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 38 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 15 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Chayanne" (10622-335) por un prezo total de 853.050,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 148.050,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(420).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25433/333.

Visto o informe xurídico do 30/03/2026 e o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 19.02.26 a entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260039656) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 39 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890018 a favor da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRAVIESAS HOCKEY CLUB conta cun equipo de elite na modalidade de HOCKEY PATINES na categoría OK Liga Plata de Hockey feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 40 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría OK Liga Plata de Hockey feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
 - A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da*

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 41 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 42 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890018 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 43 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TRAVIESAS HOCKEY CLUB para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25000 a favor da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB co CIF: G36680239 e enderezo social en Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25433-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890018 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25433-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Marta González Pérez como presidenta da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB co CIF G36680239 e enderezo social en Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25433-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría OK Liga Plata de Hockey feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 44 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do HOCKEY PATINES en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890018 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00€, a favor da entidade deportiva TRAVIESAS HOCKEY CLUB.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25433-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRAVIESAS HOCKEY CLUB conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 45 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de HOCKEY PATINES na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle da imaxe institucional.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 46 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB unha subvención por importe de 25.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890018 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efec-

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 47 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de fac-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 48 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

turación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 49 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cum-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 50 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

primto ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

10(421).- OUTORGAMENTO DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2026. EXPTE. 99600/332.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/05/2026, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 51 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.- Aprobar o gasto por importe total de 88.750.-€ que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

2.- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2026.

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 16 de abril e 05 de maio de 2026, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro “Concesión e resolución das axudas” das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2026.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2026 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 50 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (19 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (6 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, alemán (5 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, italiano (8 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (3 bolsas) coa asignación económica individual de 1.450.-€, xaponés (7 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€ e chinés (2 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 19 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Alvarez Varela	Maria Luisa	***5840**	11.35
González Blanco	Rosalía	***6578**	10.35
Conde Barrios	Manuel Enrique	***8401**	10.20
Blanco Baltar	Rocío	***1401**	9.35
Estévez Fernández	Rosa María	***7580**	9.35
Carpintero Alonso	Sandra	***2814**	9.35



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 52 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2094/1102

Thompson Ponce	Estefania	****9588*	8.85
Martinez Taboada	Paula	***3085**	8.85
García Prol	Mateo	***2160**	8.85
Cabanas Arias	Sonia	***3123**	8.70
Barreiro Fernández	Servando	***7316**	8.55
Moredo Ramos	Juan Antonio	***6525**	8.35
Pena Fernández	María Cristina	***2922**	8.35
Prol Ferreiro	Sara	***2506**	7.85
Piñeiro Vilariño	Maria Jesus	***4013**	7.70
Estévez Pereira	Manuel Antonio	***7052**	7.35
Melado Sastre	Alberto	***4711**	7.35
Porto Galán	Alba	***1881**	7.20
Camíña Martínez	Andrea	***1068**	7.20

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 6 BOL-
SAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
González Lorenzo	David	***9240**	10.70
Figueiras Alonso	Ana	***9549**	10.05
Campos Durán	Jesús	***7645**	8.20
Presa Suárez	Beatriz María	***3307**	7.85
Pampillón Lorenzo	María Dolores	***0206**	7.70
Hernandez Dorado	Maria Del Carmen	***3551**	5.85

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 5 BOL-
SAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Mainguet	Aude	****7109*	10.35
Calabresi Ferreyra	Sofía Paula	***8966**	8.70
González Carballás	Rosa María	***4166**	8.05
Collazo Varela	Emma	***9474**	7.70
Pazo Ferreiro	María Dolores	***9719**	5.70

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 53 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 8 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ITALIANO (1700.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Mundaray Soares	Andrea Paola	****8008*	11.70
Domínguez Domínguez	Sofía	***9094**	10.70
Carro Rey	Jennifer	***7636**	10.70
Rodriguez Carrera	Miguel Angel	***0047**	10.70
Tejo Fuentes	Salome	***7398**	10.35
Santamaría Riveiro	Laura	***6477**	10.20
Porto Crespo	Adrián	***9775**	10.05
Lareu Bamba	Maria Luz	***6708**	10.05

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 3 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (1450.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Montorio Ferrández	Jesús	***4335**	10.70
Meana Pintos	Rocío	***6617**	10.35
Hervella García	Esther	***0282**	9.70

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 7 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (2200.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Montilla Blanco	Millán Xosé	***5009**	11.05
Barros Sobrín	Álvaro	***2997**	11.05
Blázquez Coído	Ana	***8860**	10.70
Rodríguez Madriñán	David	***9575**	10.35
Regueiro Fernández	Abel	***7112**	10.20
Alvarez Miñan	Simon	***8112**	10.05
Pérez Otero	Laura	***9620**	9.05

ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 2 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE CHINÉS (2200.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Vazquez Garcia	Maria Del Carmen	***5319**	10.70
Calle Cristancho	Julián David	***7041**	10.70



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 54 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

2º.- Incluir nas listas de suplentes das bolsas Concello de Vigo 2026 ao seguinte alumnado da EOIV, que pasará a ter a consideración de beneficiario/as das bolsas nos idiomas de inglés, italiano, portugués, xaponés e chinés, na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os bolseiros/as beneficiarios/as directos dos distintos idiomas indicados nos primeiros listados (punto 1º deste acordo), de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación recollidos na convocatoria específica das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV no ano 2026:

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Piñeiro Seara	Mercedes	***8158**	6.85	1
Soler Saez	Maria Pilar	***3487**	6.85	2
Garcia Novas	Natalia Covadonga	***5909**	6.85	3
Veisy	Corinne Gaëlle	****0994*	6.70	4
Basalo Domínguez	David	***1891**	6.70	5
Romero Gil-Delgado	Maria Victoria	***4845**	6.70	6
Vázquez Romay	Rubén	***0648**	6.35	7
Alvarez Garcia	Maria Soledad	***9012**	6.35	8
Gil Varela	Victoria	***4208**	6.35	9
Fernández Vicente	Jose Luis	***6684**	6.05	10
Richarte Carballo	Daniel	***1098**	5.35	11
Castro Gomez	Alfonso	***1661**	5.35	12
Vázquez González	Iria	***7038**	5.35	13

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Fernandez Guntin	Maria Rosa	***9250**	9.70	1
Comesaña Lago	Esteban	***0927**	9.70	2
Segade Castro	Paula	***1212**	9.70	3
Riveiro Suárez	André	***9265**	9.35	4
Rodriguez Fernandez	Sara	***1506**	9.05	5
Concepcion Machado	Maria Beatriz	***6829**	8.70	6
López Araujo	Maria Rosa	***7399**	8.70	7
Ogando Riande	Pilar	***4362**	8.05	8
Moldes Beloso	Marta	***9013**	6.70	9
Nuñez Freire	Nuria	***8308**	6.70	10
Sánchez Mata	Patricia A.	***2257**	5.70	11

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 55 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Fernández González	Helena	***6879**	5.35	12
--------------------	--------	-----------	------	----

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE PORTUGUÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Gundín Vázquez	Monica	***0619**	8.85	1
Costas Caride	Yolanda	***8395**	7.35	2
Outeiral Barbazán	Agustín	***7765**	7.35	3

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE XAPONÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Araujo Núñez	Diana	***1836**	8.55	1
Quintela Álvarez	Ramón	***6681**	8.55	2
Aguiar Alvarez	Noelia	***6100**	8.35	3
Cancelas Viéitez	Nuria	***2063**	8.20	4
Fernández Martínez	Sara	***9052**	8.20	5
Cabrera Giménez	Liliana	***0106**	7.85	6
Cabrera Giménez	Noelia -Carmen	***0106**	7.55	7
Torres Núñez	David	***6876**	7.05	8

ALUMNADO DA EOI EN LISTA DE SUPLENTES DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE CHINÉS

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS	ORDE
Calabresi Ferreyra	Nicolás Pablo	***6285**	9.20	1
Busto Castiñeira	Laura	***2665**	5.35	2

3º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan.

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Ferreyra Fernández	Mónica Isabel	***6223**	*
Lago Lago	Consuelo	***9368**	*
Obregón Chávez	Yaritf Giraldo	***0703**	*
Quintana Domínguez	Belén Aitana	***0867**	*



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2094/1102

Sousa Martinez	María Carmen	***8280**	*
----------------	--------------	-----------	---

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Alonso Docampo	Nicolás	***7681**	*

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS EXCLUSIÓN
Calabresi Granara	José Pablo	***9089**	*

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE XAPONÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Oya Nuñez	Silvia	***3352**	*

*** Motivos de exclusión “Non se axusta ao establecido nas bases da convocatoria”**

- Non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2025*”
- Non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobado un curso oficial presencial ou semipresencial na EOI de Vigo nos últimos 3 anos no idioma no que solicita a bolsa*”.
- Non cumprir o requisito 1.VI. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos tres cursos académicos nun idioma diferente*”.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 57 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Non cumprir o requisito para ser beneficiario/a recollido nas bases 1ª e 2ª desta convocatoria ao non estar cursando estudos en calquera dos niveis lingüísticos ofertados nela.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(422).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN - EMPREGO TALENTO MOZO “FORMAWIEB VI”. EXPTE. 21996/77.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 58, do venres 27 de marzo de 2026, a consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén de publicar a ORDE do 09 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B).

Este ano, en resposta á convocatoria referida no parágrafo anterior, un novo programa de Formación – Emprego Talento Novo denominado “**FORMAWEB VI**”, propoñendo as especialidades de **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)** e **Seguridade Informática (IFCT0109)**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como á propia demanda empresarial.

II. En data 21/04/2026 na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local apróbase no punto 3: “**APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN - EMPREGO TALENTO MOZO “VIGO CAPACITA XI” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. EXPTE. 21996/77.**”, figurando só no título “**VIGO CAPACITA XI**” en no seu lugar FORMAWEB VI ao longo de todo o Acordo aprobado.

III. Con data 14/05/2026 recíbese notificación de requirimento de emenda da solicitude do programa de formación-emprego talento mozo “FORMAWEB VI” do departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, onde di no seu punto 1: “*A certificación expedida pola persoa titular da secretaria, ou cargo equivalente da entidade promotora, na cal se recolla o acordo de aprobación do proxecto e de solicitude de subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, adoptado polo órgano competente. O nome do proxecto non coincide na certificación presentada.*”

IV. O erro indicado no apartado anterior é debido a que no Asunto do Informe Xurídico con proposta de resolución de data 20/04/2026 figura erroneamente como nome do programa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 58 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

“VIGO CAPACITA XI” en vez de “FORMAWEB VI” que figura, correctamente, ao longo de todo o Acordo adoptado na sesión indicada no apartado II deste Antecedentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo tanto, debe procederse á corrección do erro reflectido no asunto do Informe Xurídico con proposta de resolución de data 20/04/2026, xa que, onde di programa “VIGO CAPACITA XI” debera dicir programa “FORMAWEB VI”, sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.

II. O órgano competente para a adopción do presente acordo de rectificación de erro é a Xunta de Goberno Local.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude (Resolución de Alcaldía do 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía do 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Corrección do título do Acordo nº 3 da X.G.L. de data 21/04/2026: “APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN - EMPREGO TALENTO MOZO “VIGO CAPACITA XI” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. EXPTE. 21996/77.”, de xeito que onde figura “VIGO CAPACITA XI” figure “FORMAWEB VI”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 59 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12(423).- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA): ANO 2026. EXPTE. 19468/306.

Visto o informe de fiscalización de data 13/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/05/2026, asinado polo técnico de Administración xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- En data do 05.03.2025, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina).

En data do 25.03.2025, remitiuse escrito á Fegamp comunicando que o Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.03.2025, estaba interesado en acollerse a este plan polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no termo municipal de Vigo.

2.- En data do 07.05.2026, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que a Xunta de Galicia e a Fegamp, con data 27.04.2026, asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina), indicando que para adherirse debe remitirse o Anexo II debidamente cuberto e asinado antes do vindeiro 27.05.2026.

II.- Fundamentos de dereito.

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2026 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, figurando o Concello de Vigo incluído dende o ano 2020, e debendo adherirse para o ano 2026, en cumprimento da cláusula terceira das Disposicións Xerais do convenio («Adhesión ao convenio»).

As obrigas da Xunta de Galicia concrétnanse en:

“ A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 60 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

1. Potenciar o portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.

2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.

3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avésa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

. Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.

. Eliminación/neutralización de niños activos de avésa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

. Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.”

Pola súa banda, as obrigas das entidades locais adheridas concréntanse en:

“. Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.

. Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia”.

O convenio ten unha duración ata o 30 de decembro de 2026, sen prexuízo das prórrogas que se acorden antes da súa finalización.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 61 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En anos anteriores, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes encargou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina).

A adhesión ó convenio non implica gastos de ningún tipo para o Concello de Vigo, limitándose a colaboracións con medios propios.

A competencia en materia de animais salvaxes -como é a vespa velutina- e exclusivamente da Xunta de Galicia, non obstante a súa nidificación pode afectar as zonas urbanas ou a seguridade das persoas onde concorren, tamén, competencias municipais na protección do medio ambiente urbano e seguridade dos cidadáns de conformidade co establecido no artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

Tamén, con carácter xeral, considérase de interese xeral o control da vespa velutina para o protección da fauna autóctona e conservación do medio natural.

O convenio de que se trata (a súa adhesión a este) é un convenio de colaboración interadministrativo dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.1. da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas entre sí, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente e seguridade das persoas.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido, polo que se xustifica a conveniencia e oportunidade para a adhesión ó citado convenio.

É competente para a aprobación da adhesión do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobado a adhesión do Concello de Vigo ó Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina), asinado polas partes en data 27.04.2026.

SEGUNDO.- En virtude da resolución de delegación de competencias do alcalde de data 19.06.2023 (BOPPO do 28.06.2023) corresponde á terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, a formalización da adhesión cumprimentando o Anexo II do convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 62 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(424).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE TRABALLO DE LETRADO-ASESOR/A XURÍDICO/A ADSCRITOS Á ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 2019/1102.

Visto o informe de fiscalización do 18/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/05/2026, asinado pola secretaria de Goberno local-instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 6.02.2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión de tres postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica mediante o sistema de libre designación.

Trala publicación das bases no BOP núm 30 de data 13.02.2026, extracto de anuncio do DOG núm. 48 de data 12.03.2026 publicouse no BOE núm. 39 de data 1.04.2026 a convocatoria de provisión do posto o que deu lugar a apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 24.04.2026.

Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 2019-1102 presentáronse as seguintes solicitudes:

ASPIRANTE	DNI
ROSALÍA ALONSO PENA	***9778**
ROSA MARIA OTERO MALVAREZ	***6573**

En data 4.05.2026 emituse informe da instrutora de cumprimento dos requisitos.

En data 12.05.2026, previa solicitude, emitíuse informe da da Asesoría Xurídica.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 63 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a) Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b) Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-) e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Do postos de traballo obxecto de provisión

Os postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica obxecto da convocatoria están recollidos na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicado no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025. Segundo a RPT o sistema de provisión é a libre designación.

Segundo.- Da libre designación

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 64 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Concretamente o artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico determina “*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, o órgano convocante, por proposta/informe da persoa titular do centro directivo a que estea adscrito o posto convocado, poderá, de forma discrecional:*

a) Adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes, sempre que reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño,

b) ou declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.

O órgano competente para a adxudicación dos postos poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade das persoas candidatas”.

Terceiro.- Idoneidade dos candidatos

Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica de data 12.05.2025 que literalmente di

“2. Tendo en conta a natureza mixta das funcións asignadas ao posto convocado, que abrangue tarefas propias da Área de Asesoramento Xurídico (informes, consultas...) e da Área Xudicial (representación e defensa), estímase conveniente que as persoas candidatas dispoñan de capacidade profesional que cubra estes dous ámbitos.

3. Respecto da idoneidade das únicas dúas aspirantes respecto dos tres postos convocados sinálase o seguinte:

A. ROSALIA ALONSO PENA

Presenta documentación na que relaciona e acredita tanto a súa formación e como a súa experiencia profesional.

A formación teórica é suficiente e comprende un Master Universitario en acceso a Profesión de Avogacía.

En canto á experiencia profesional:

-Funcións administrativas dentro do Programa de Vivenda 2005-2008 en XESTUR Pontevedra (3 anos e 9 meses).

-Servizos como licenciada en dereito no departamento xurídico da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo (1 ano).

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 65 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

-Funcións de Técnica de Administración Xeral na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, primeiro como interina (9 anos e 11 meses) e despois como funcionaria en propiedade (3 anos e 4 meses) no servizo de Conservación da Área de Intervención Urbanística e no servizo de Licenzas.

B. ROSA MARÍA OTERO MALVAR

Tamén indica e acredita documentalmente tanto a súa formación como experiencia profesional.

A formación é moi ampla e multidisciplinar: administración electrónica, fondos europeos, contratación, protección de datos, responsabilidade patrimonial, subvencións, convenios, xurisdición contencioso-administrativa, urbanismo, igualdade, transparencia e acceso a información pública, recursos humanos e emprego público...

A súa experiencia comprende:

- Funcións de Auxiliar de Administración Xeral en distintos servizos do Concello de A Coruña, Deputación de A Coruña e Concello de Vigo (7 anos e 11 meses) e de Administrativo de Administración Xeral do Concello de Vigo (7 anos e 2 meses).

- Servizos como Técnica de xestión (A2) no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo (5 anos) na tramitación, entre outros, de expedientes de subvencións, contratación e de apoio técnico á Asesoría Xurídica mediante Resolución do 10/06/2022 e Técnica de organización e xestión de RRHH(A2) na área de RRHH e Formación do Concello de Vigo (2 anos); resulta de especial relevancia a atribución neste último posto de funcións de colaboración coa Asesoría Xurídica por resolución de 27/08/2024 consistentes na remisión de copias de expediente e proba documental e emisión de informes requiridos pola Asesoría Xurídica para preparación de xuízos ou para xurdir efectos en procedementos seguidos ante as ordes xurisdicionais social e contencioso-administrativa.

- Funcións como Técnica de Administración Xeral no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo (desde o 01/04/2026).

Polo que, revisada a documentación presentada, considérase que ambas aspirantes reúnen un perfil axeitado para ocupar dous dos tres postos de letrada- asesora xurídica convocados”.

A vista do informe, e considerando que as dúas aspirantes cumpren os requisitos da convocatoria procede adxudicar dous postos de letrado-asesor, a Rosalia Alonso Pena e Rosa María Otero Malvar e declarar deserta a convocatoria dun posto de letrados-asesor.

CUARTO.- Do órgano competente

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a Rosalia Alonso Pena con DNI ***9778** o posto de letrado-asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 66 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

SEGUNDO.- Adxudicar a *Rosa María Otero Malvar* o postos de letrado -asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105)

TERCEIRO.- Declarar deserta a convocatoria dun posto de letrado-asesor (Ref Posto na RPT: 1110105).

CUARTO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

QUINTO.- A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

SEXTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso- administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(425).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS, SUBMINISTROS E OBRAS DE MANTEMENTO INTEGRAL DO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO. EXPTE. 8/343.

Visto o informe xurídico do 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 14/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/05/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, do día 13.11.2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016, abriuse a fase de liquidación do dito concurso, declarouse disolta a concursada Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursais, desde a dita resolución concursal, o contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o día 02.05.2006. No mesmo auto dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que rematou o 31.03.2018; data na que se produciu a recepción da dita obra pública polo Concello de Vigo e por tanto directa da infraestrutura por parte do Concello de Vigo.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 67 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 09.03.2018 acordou dispoñer a continuación e non resolución a partir do 31.03.2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31.12.2018, e dispoñer así mesmo que polos servizos da Área de Patrimonio e, de ser o caso, polos servizos da Área de Seguridade e Mobilidade se proceda a iniciar expediente para a adxudicación en procedemento de pública concorrência da contratación das prestacións obxecto dos mesmos.

3.- O Concello de Vigo deu continuidade aos contratos de mantemento existentes no momento da recepción aínda que é necesario tramitar un novo contrato en base ao disposto na Lei de contratos do sector público.

4.- A necesidade de coñecementos técnicos específicos e a falta de recursos persoais propiciaron que o Concello, a través da área de Xestión Patrimonial e Territorial, acordase a contratación dos servizos de asesoramento para a redacción da documentación necesaria para a licitación do contrato de mantemento do edificio do Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo, achegándose borrador de PPT para a súa consideración polos servizos municipais.

Igualmente, para os efectos de definir os elementos, cargas, dereitos e servidumes dos inmobles, con transcendencia sobre as operacións de xestión do mantementos dos elementos resultantes, en data 29.11.2023 outorgouse escrituras de división horizontal do hotel e do edificio auditorio ante o notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila, números 2.870 e 2.869 da súa relación protocolaria.

5.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 26.09.2025, acordou delegar na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

6.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, os días 12 e 13.11.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal os días 13 e 14.11.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

7.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado os días 12 e 13.11.2025 pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe da Área de Servizos Xerais, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 13 e 14.11.2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 68 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- c) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación os día 23 e 26.01.2026.
- d) Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Electromecánicos o día 24.03.2026.
- e) Declaración de neutralidade das redactoras do PPTP asinada o día 25.03.2026.
- f) Informe técnico complementario asinado polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.03.2026.
- g) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada os días 13.04.2026.
- h) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos o día 08.05.2026.
- i) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 08.05.2026.
- j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 08.05.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 69 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de MANTEMENTO INTEGRAL DO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITO MIL DOUSCENTOS SESSENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.208.262,57 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 209.698,45 €, segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADES		2026	2027	2028
PARTE FIXA		213.946,39 €	427.892,78 €	213.946,39 €
	B.I. 6%	12.836,78 €	25.673,57 €	12.836,78 €
	G.X. 4%	8.557,86 €	17.115,71 €	8.557,86 €
	IVE	49.421,62 €	98.843,21 €	49.421,62 €
TOTAL PARTE FIXA		284.762,65 €	569.525,27 €	284.762,65 €
PARTE VARIABLE		13.000,00 €	26.000,00 €	13.000,00 €
	B.I. 6%	780,00 €	1.560,00 €	780,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 70 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

	G.X. 4%	520,00 €	1.040,00 €	520,00 €
	IVE	3.003,00 €	6.006,00 €	3.003,00 €
TOTAL PARTE VARIABLE		17.303,00 €	34.606,00 €	17.303,00 €
TOTAIS		302.065,65 €	604.131,27 €	302.065,65 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Electromecánicos o día 24.03.2026.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 08.05.2026.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe 284.762,65 € e 17.303,00 € respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 9330.227.9902 e 9330.212.0004, ambas do orzamento vixente, e asumir o compromiso de dotar no orzamentos iniciais dos exercicios 2027, 2028, 2029 e 2030, nas aplicacións orzamentarias 9330.227.9902 e 9330.212.0004 respectivamente, os créditos consignados na táboa seguinte:

Anualidade	Datas	Importes	Partida
2026	01/07/2026 ao 31/12/2026	284.762,65 €	9330.2279902 GASTOS FUNCIONAMENTO P. CONGRESOS
		17.303,00 €	9330.2120004 REPARAC. MANTEN. AUDITORIO MAR DE VIGO
2027	01/01/27 ao 31/12/2027	34.606,00 €	9330.2120004 REPARAC. MANTEN. AUDITORIO MAR DE VIGO
		569.525,27 €	9330.2279902 GASTOS FUNCIONAMENTO P. CONGRESOS
2028	01/01/2028 ao 30/06/2028	17.303,00 €	9330.2120004 REPARAC. MANTEN. AUDITORIO MAR DE VIGO
		284.762,65 €	9330.2279902 GASTOS FUNCIONAMENTO P. CONGRESOS

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 71 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(426).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CEIP MESTRES GOLDAR NA FRONTE COA RÚA COSTA (CASTRELOS)”. EXPTE. 6712/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/05/2026, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Administración xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos o día 31.10.2024 resolveron autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da mercantil INTERURBAN, SAU.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CEIP MESTRES GOLDAR NA FRONTE COA RÚA COSTA (CASTRELOS)”, redactado e asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (140.246,79 €).

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.05.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 16.05.2025, a proposta do técnico de Administración Xeral, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- O obxecto do proxecto é a construción dun muro de contención e peche perimetral no CEIP Mestres Goldar, no seu linde coa rúa Costa (Castrelos), en Vigo. Na actualidade o peche perimetral do CEIP Mestres Goldar presenta un tramo colapsado de aproximadamente 30 metros de lonxitude, debido á inestabilidade do talude sobre o que se asenta.

O proxecto contempla as seguintes actuacións:

- Construcción dun muro de contención de formigón armado, cunha lonxitude de 28 metros e altura variable segundo a pendente do terreo.
- Reposición do peche perimetral, instalando unha malla electrosoldada sobre o novo muro.
- Reparación do cerramento existente na linde cunha parcela privada, mediante a rehabilitación dos elementos prefabricados de formigón.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 72 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- Adecuación do entorno, incluíndo a execución dunha beirarrúa 2 m de anchura no sobreecho resultante na base do muro para garantir a continuidade peonil e mellorar a accesibilidade.
- Instalación de canalización e recollida de augas pluviais, para evitar problemas de erosión e acumulación de auga.
- Colocación de tubaxes para a rede de iluminación pública, permitindo a integración de futuras instalacións eléctricas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) semanas.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude do día 18.12.2025, pola que se autoriza o proxecto de construción dun muro de contención e peche no CEIP Mestres Goldar na fronte coa rúa Costa, Castrelos, Concello de Vigo, condicionada á realización de sondaxes arqueolóxicas previas á execución do novo muro.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 15.05.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, probado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

O ámbito da actuación desenrolase sobre un solo clasificado como solo urbano e calificado como vía pública.

Atendendo ao indicado polo Plan Básico Autonómico, identifícase no ámbito das obras previstas, a seguinte área de protección de elementos catalogados de patrimonio cultural.

. Castro do Piricoto.

Consta no expediente autorización do proxecto de referencia polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, 19 de decembro de 2025.

A actuación proxectada sitúase no entorno de protección do citado xacemento arqueolóxico, se ben nunha zona xa urbanizada e no límite de dita contorna de protección. De acordo coa resolución de Patrimonio Cultural, a execución das obras queda condicionada á realización previa de sondaxes arqueolóxicas, que deberán definirse mediante o correspondente proxecto arqueolóxico e ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural antes do inicio dos traballos.

Dito proxecto arqueolóxico será obxecto de redacción e tramitación independente por parte

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 73 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Concello de Vigo. Non obstante, dado que de dito documento se derivarán previsiblemente traballos arqueolóxicos a executar con carácter previo ou durante a fase inicial de obra, incorporárase ao presuposto do presente proxecto unha previsión económica específica para cubrir ditos traballos.

Atendendo á tipoloxía de proxecto redactado, (proxecto de construción de muro de contención sen alteración de rasante), e tal e como recolle o redactor do proxecto no apartado 4.16 da Memoria, non se precisa da remisión do mesmo á Axencia Estatal de Seguridade Aérea ao considerarse que non se altera a elevación do terreo pola actuación prevista.

Por outro lado, os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 74 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CEIP MESTRES GOLDAR NA FRONTE COA RÚA COSTA (CASTRELOS)”**, redactado e asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (140.246,79 €), asinado dixitalmente o día 15 de maio de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(427).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS”. EXPTE. 7032/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/05/2026, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Administración xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 12.09.2025, aprobou o proxecto de “MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS” redactado polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS UN MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (401.136,89 €) e asinado dixitalmente o día 05.09.2025 (Expte. 6561-443).

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 75 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 12.12.2025, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras para a execución do proxecto de "MELLORA PAISAXISTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS" NO MARCO DO PRTR- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATIONEU (Expte. 2451/441).

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local do día 24.04.2026, porque o segundo e último licitador clasificado único licitador porque o segundo e último licitador clasificado no procedemento non cumprimentou correctamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, polo que ao abeiro do disposto no referido artigo enténdese que o licitador retirou a súa oferta.

III.- Á vista do exposto, por parte do redactor presentase "ACTUALIZACIÓN DE PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS", cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA E CATRO MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (494.806,10 €).

IV.- O xefe da Área de Servizos Xerais, o día 11.05.2026 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do técnico de Administración Xeral, o mesmo día resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación se desenrola no Casco Histórico de Bouzas, incluíndo o fronte marítimo dende a Igrexa parroquial ao ponte da VG-20, así como a Praza de Urzáiz e a rúa Santo Cristo. O proxecto englobase dentro do Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo 2023-2026, concretamente dentro das actuacións seguintes:

- Plan de renaturalización do Litoral do Casco Histórico de Bouzas (Eixo 1. Transición verde e sostible).
- Mellora da imaxe final e integración urbanística, paisaxística e ambiental do Casco antigo de Bouzas (Eixo 4. Competividade)

O Casco Histórico de Bouzas está configurado por un trazado urbano irregular, con angostas rúas pavimentadas con balastro de pedra que impide unha circulación cómoda, presentando deficiencias en materia de accesibilidade, beirarrúas estreitas e discontinuidade nos itinerarios peonís, así como escasas zonas estanciais. Asemade, o fronte marítimo vigués sufriu unha forte antropización que conformou un espazo duro con escaseza de zonas verdes. Para solucionar esta problemática, as obras a executar se describen a continuación:

- Substitución do pavimento da rúa Santa Cristo e Praza de Urzáiz con enlousado de pedra granito moreno silvestre nunha superficie de 684 m2, para dotar de uniformidade ao entorno e mellorar a accesibilidade, priorizando a mobilidade peonil.
- Actuacións puntuais de renaturalización urbana en tres zonas: Praza de Urzáiz, Praza de Diego Santos e rúa Cayetano Pereira Limia, mediante a introdución de bancos con base de formigón en cor branca, granito e madeira, así como elementos metálicos sen cores brillantes, que incorpora elementos vexetais, creando zonas estanciais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 76 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- No fronte litoral, se continúa a labor de renaturalización mediante a plantación de árbores de especies autóctonas nas zonas axardinadas preexistentes, de forma que se recupera a conectividade co entorno natural, se mellora a calidade do aire e se reduce o efecto illa de calor. Asemade, dótase ao graderío existente de dúas pezas escultóricas mirando cara o mar.
- Resto de actividades complementarias: recrecidos de tapas de servizos urbanos, axuste de sumidoiros e reparacións superficiais.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellora da accesibilidade peonil na contorna e fomento da mobilidade sostible, e creación de espazos verdes con dotación de mobiliario urbano.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, coma a rehabilitación integral do fronte marítimo da Vila de Bouzas ou a humanización da Rúa Pazo, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e respecto polo ámbito preexistente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) MESES.

VI.-- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural asinada o día 06.08.2025, pola que se autoriza o proxecto de Mellora paisaxística e ambiental do Casco Histórico de Bouzas, Concello de Vigo.

VII.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal o día 18.05.2026 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

O ámbito das obras está localizado en solo clasificado como solo urbano consolidado, e o ámbito de Bouzas está ordenado polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas. As actuacións proxectadas no alteran a volumetría nin as aliñacións do planeamento, que coinciden co estado actual da rúa, axustándose ao viario existente, polo que son acordes ao disposto no planeamento.

As obras previstas localízanse dentro no entorno de protección do xacemento de Bouzas (GA36057158), e consta de autorización da Dirección Territorial de Pontevedra do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia de data 06/08/2025.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 77 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Parte do ámbito de actuación se localiza en zona de Dominio Público Terrestre, sendo as actuacións de renaturalización realizadas mediante a plantación de novos exemplares de arborado nas zonas verdes e parterres xa existentes no mesmo, polo que antes do inicio das obras se realizará comunicación previa ao Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, dentro do Departamento de Costas e Medio Marino do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Aínda que as obras atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, tal como indica o proxectista no Anexo 5, as devanditas obras en ningún momento presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona, polo que non se considera necesario solicitar autorización ao organismo competente.

Tal como se indica no apartado 1.3.1 do proxecto, as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

O proxecto de "ACTUALIZACIÓN DE PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS" recolle a actualización dos importes das unidades de obra a data de maio de 2026, que se incorporan no documento do Presuposto. Esta actualización de prezos non modifica ningunha outra parte do "PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS" aprobado en data da sinatura dixital 12 de setembro de 2025 pola Xunta de Goberno Local, que quedou deserto.

En canto os custes unitarios incluídos no proxecto actualizado considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe".

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 78 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o documento de “ACTUALIZACIÓN DE PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS”, redactado polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA E CATRO MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (494.806,10 €) e con sinatura dixital do día 7 de maio de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 79 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

17(428).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”. EXPTE. 7047/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/05/2026, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Administración xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 31 de outubro de 2025 acordou aprobar o proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez – Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), e asinado dixitalmente o día 22 de setembro de 2025 (Expte. 6685-443).

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 27 de marzo de 2026, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez- Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €). Expte. 2493-441.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 15 de maio de 2026, por non terse presentado ningunha proposición.

III.- A vista do exposto, por parte dos redactores presentase a actualización do proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (796.993,31 EUROS).

IV.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.05.2026 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do técnico de Administración Xeral, o mesmo día resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

V.- A actuación desenvólvese na instalación integrada na parcela municipal con referencia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 80 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

catastral 8426502NG1782N0001RZ, identificada coma "Complexo deportivo de Samil", situada na Avda. Samil nº 32, Vigo.

A parcela que engloba as instalacións deportivas "Complexo Deportivo de Samil" ten superficie aproximada de 26.000,00 m² e conta cun campo de fútbol de herba artificial de fútbol 11 e unha serie de edificacións nas que se atopan vestiarios, zonas de instalacións e almacéns de material. Conta así mesmo cunha bancada-graderío cuberta nun dos laterais do campo.

O alcance das obras e instalacións proxectadas limítase ó ámbito do terreo de xogo, así como ás instalacións, obras de construción e demais traballos necesarios directamente ligados a el, que sexan precisos para o cumprimento da normativa sectorial aplicable, as boas prácticas e o seu bo uso.

Contémpase a renovación da superficie deportiva de céspede artificial do campo para a práctica deportiva de fútbol en base ás seguintes actuacións:

- Retirada da actual superficie deportiva para a súa xestión coma residuo, con aproveitamento parcial da area de lastrado. O terreo de xogo conta con dúas capas de céspede superpostas que deberán ser retiradas na súa totalidade e unha subbase elástica aplicada in-situ que se atopa pegada ó pavimento asfáltico.
- Instalación dun novo terreo de xogo de céspede artificial de última xeración con base elástica sobre o pavimento existente de aglomerado asfáltico.
- Arranxos puntuais de pequenos afundimentos en varias zonas da base asfáltica co obxecto de conseguir a uniformidade da superficie.
- Renovación da rede de canaletas perimetrais para recollida de augas pluviais, establecendo un circuíto de reaproveitamento que permita o almacenamento e reutilización da auga de rego do campo.
- Renovación integral do circuíto de rego por terse constatado a existencia de fugas no actual sistema, non resultando recomendable a súa reparación dada a súa antigüidade e a dificultade para a localización das mesmas.
- Renovación completa do sistema de alumeado a fin de reducir a demanda de enerxía eléctrica, os custos enerxéticos e os impactos ambientais debidos ó consumo de produtos enerxéticos.
- Execución dun novo peche de parcela na totalidade da lonxitude do campo de fútbol co obxecto de conter as terras que dan soporte ó terreo de xogo e garantir as condicións de seguridade de usuarios. Plantéxase a execución dun murete de formigón armado ancorado ó muro de pedra existente, que teña exactamente ás mesmas dimensións que tiña o muro de soporte que caeu, de tal xeito que non existan incrementos de volume construído na execución desta reconstrución. Este murete conterà as terras da subbase do terreo de xogo e soportará o peche metálico que serve para delimitar a parcela e impedir a caída de balóns ó río.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 81 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Contémplase a renovación dos tramos de adoquín do perímetro do terreo de xogo que se atopan parcialmente afundidos incluíndo a mellora da subbase para conquistar un maior nivel de compactación.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CENTO VINTE) 120 días.

VI.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 18.05.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

De acordo coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, a parcela atópase en Solo Rústico de Protección de Espazo Natural.

As obras previstas neste proxecto non contemplan a modificación dos parámetros urbanísticos e soamente atenden á conservación e mantemento das instalacións deportivas existentes polo que son actuacións permitidas pola normativa urbanística e poden ser autorizadas por outras administracións que exercen as súas competencias sectoriais sobre esta instalación.

Consta no expediente informe do Servizo Provincial de Costas de data 30 de xuño de 2025 e Informe Aclaratorio dos redactores do proxecto acerca das modificacións esixidas por Costas de data 17 de outubro de 2025.

O proxecto de “Actualización do proxecto básico e de execución para o mantemento e mellora das condicións do campo de fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios” recolle a actualización dos importes das unidades de obra a data de maio de 2026, que se incorporan no documento do Presuposto. Esta actualización de prezos non modifica ningunha outra parte do proxecto “BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” aprobado en data da sinatura dixital 31 de outubro de 2025 pola Xunta de Goberno Local, que quedou deserto.

En canto os custes unitarios incluídos no proxecto actualizado considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 82 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

➤ Aprobar a ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O "MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 83 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

licitación máis IVE de SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECENTOS NOVENTA E TRES EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (796.993,31 EUROS), a asinado dixitalmente o día 18 de maio de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(429).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL”. EXPTE. 2565/441.

Visto o informe xurídico do 30/04/2026 e o informe de fiscalización do 19/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto de execución de “NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

2.- O adxunto a xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas os días 08 e 11.03.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta dos anteriores, o día 18.03.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos do día 15.12.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 16 e 17.12.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 26.12.2025 aprobou o proxecto de execución de “NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (191.372,39 EUROS) e asinado dixitalmente os días 12 e 15 de decembro de 2025, respectivamente. Expte. 6368-443.

6.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 26.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6368-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 24.02.2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 84 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 24.02.2026.
- D) Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 15.12.2025.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 03.03.2026.
- F) Certificado de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 05.03.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 13.03.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 13.04.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 14.04.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 14.04.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 15.12.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 85 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (191.372,39 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 14.04.2026.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (191.372,39 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 33.213,39 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, aplicación orzamentaria 3420/6320016 – proxecto de gasto 26342016 (PECHE PERIMETRAL PIST. TENIS SAMIL).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(430).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”. EXPTE. 2575/441.

Visto o informe xurídico do 06/05/2026 e o informe de fiscalización do 19/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/04/2026, asinado pola técnica de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 86 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

xestión, o xefe da Área de Servizos xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 15.02.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

2.- O dito arquitecto presenta, trala fase de supervisión, documento de proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”, polo que o xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.12.2025 informa que o documento presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 16.12.2025 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- Previo informe da enxeñeira técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 26.12.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 29.12.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 09.01.2026 aprobou o proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO CENTOS CINCUENTA E UN MIL CATRO CENTOS DEZASETE EUROS con CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (551.417,44 €) e asinado dixitalmente os días 1 e 23 de decembro de 2025. Expte. 6911-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 09.01.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6911-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.03.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 10.03.2026.
- D) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 23.12.2025.
- E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 25.03.2026.
- F) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 20.04.2026.
- G) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 22.04.2026.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 87 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 23.04.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 23.04.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 23.04.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 26.12.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 88 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL, FASE II: INSTALACIÓNS CLIMATIZACIÓN, VENTILACIÓN E ACS”, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E UN MIL CATROCIENTOS DEZASETE EUROS con CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (551.417,44 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2026	530.000,00 €
2027	21.417,44 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 23.04.2026.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320015 – proxecto de gasto 24933015 (Reforma dependencias Policía Local)- por importe de 530.000,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 9330.6320015, crédito por importe de 21.417,44 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(431).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2026. EXPTE. 9061/104.

Visto o informe xurídico do 22/04/2026 e o informe de fiscalización 18/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/04/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Festa da Brincadeira, na Vila de Bouzas, trátase dunha festa de gran arraigo na cidade que persigue como principais fins, dar a coñecer a historia da cidade de Vigo, fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica, así como dinamizar cultural e socioeconómica a Vila de Bouzas.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 89 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Este programa estase a desenvolver pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (CIF G-27.851.070), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, “os bens culturais (feitos históricos) da vila de Bouzas, transformándoos en festas gastronómicas e artesanais”.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas está en condicións de organizar a Festa da Brincadeira 2026, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición se desenvolverá os días 8, 9 e 10 de maio de 2026, coa instalación de postos de artesanía e gastronomía na praza da Vila de Bouzas.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal, fomentando acontecementos que promovan valores culturais, sociais e históricos.

Dende o ano 2012 se ven organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. O Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas asinan este convenio de colaboración á vista



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 90 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

dos resultados moi satisfactorios acadados nas edicións anteriores. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 4320.4800004 prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa da Festa de Brincadeira 2026.

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 51.407,32 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 30.000,00 euros.

De acordo coa Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 e 26.09.26 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira Delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a facultade de xestión da Festa da Brincadeira.

En data 31 de maio de 2024 se aproba en Xunta de Goberno Local a modificación do Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026: Liña estratéxica 5.8 eventos de promoción da cidade. (Expte.277/143) no que figura o concepto Brincadeira de Bouzas cun importe de 15.000€ na aplicación presupostaria 3380,4800004. No ano 2025 figura na aplicación presupostaria 4320.4800004 da concellería de Turismo o concepto Brincadeira de Bouzas cun importe que varia a liña de actuación de 30.000€, e se mantén este importe no ano 2026, si ben os conceptos seguen sin cambios polo que non é necesaria ningún tipo de modificación de acordo co establecido no punto noveno do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 aprobado en data 8 de marzo de 2024 que establece o seguinte: "Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente"

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 91 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina Web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada Concelleira Delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, ao amparo da Resolución da Alcaldía de 20.06.2023 e posterior de datas 28.06.24 e 01.07.24 e 26.09.26 aprobando a delegación de competencias específicas do Alcalde área de goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira delegada de Turismo e Xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas CIF G-27.851.070, para a organización da Festa de Brincadeira 2026.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 30.000,00 euros (trinta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800004 “BRINCADEIRA DE BOUZAS” do programa presupostario de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2026.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA, na súa calidade de CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS, TURISMO E XUVENTUDE do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, virtude da Resolución da Alcaldía de data 25.09.2025, estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, que atribúe na Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultade de xestión da Festa da Brincadeira.

Doutra, dona VANESA DOMÍNGUEZ TERLEIRO con D.N.I. 53193829-G, en calidade de presidenta da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas de Vigo, C.I.F. G-27851070 e enderezo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 92 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

social na praza Vila de Bouzas, nº 2 Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9061-104.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o obxectivo deste Concello é prestar axuda á Asociación Amigos de la Historia de Bouzas de Vigo para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, ca consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico de Bouzas, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

Segundo.- A Festa da Brincadeira comenzo a celebrar no ano 2012 e rememora o importante papel que tivo Bouzas na expulsión das tropas francesas polo ano 1809. No ano 2019 é rexistrada e pasa a organizarse pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Terceiro.- A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (G27851070), inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co núm. 1362 en colaboración co Concello de Vigo, ven organizando desde o ano 2012 a Festa de Brincadeira, na vila de Bouzas, con gran éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos recollidos no expediente deste convenio.

Cuarto.- A exclusividade do programa considérase acreditado na Memoria presentada pola entidade e que atópase recollida no expediente deste convenio.

Quinto.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 4320.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para a organización da Festa de Brincadeira 2026. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de gran arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da re-

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 93 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ferida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, Policía Local, etc.) son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

Sexto.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e con fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración.

Sétimo.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Oitavo.- O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá aos previstos nos artigos 22.2 e 28.1 e concordantes da lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Noveno.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Décimo.- A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a Festa da Brincadeira da asociación de Amigos de la Historia de Bouzas, entre os días 9 a 11 de maio de 2026, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da Festa da Brincadeira 2026, a celebrar os días 9 a 11 de maio de 2026 na praza da Vila de Bouzas, e que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 94 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconómicamente a vila de Bouzas

Segundo.- Presuposto e Financiamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gasto e ingresos do programa obxecto do **convenio** por un importe total de 51.407,32€, financiándose estes mediante as achegas de 30.000 € do Concello de Vigo,

Terceiro.- Proxecto da Festa da Brincadeira da Vila de Bouzas

Establécese o programa de actuacións conforme á memoria descritiva presentada pola Asociación asinante, (documentos nº260065243 e nº260069725), de datas 23/03/26 e 25/03/26, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes coa finalidade do evento.

Cuarto.- Obrigas da asociación. Mecanismos de Asistencia Técnica

A asociación asinante comprométese a colaborar co Concello de Vigo en canto á organización da Festa da Brincadeira 2026, que terá lugar na praza da Vila de Bouzas os días 9 a 11 de maio de 2026, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación que actuará como interlocutor final ante á Concellería. A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

3º- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa, así como a custodia e mantemento de aquel material que poida ceder o Concello para a dinamización da Festa de Brincadeira.

4º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *"As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e as súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación"*

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 95 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá achegar un mínimo de 20 exemplares ao Concello dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Turismo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º- Coordinar co Servizo de Turismo do Concello todas as presentacións e rodas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación dun seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades.

10º- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

11º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espec-táculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

12º- En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontable e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, as respectivas declaracións responsables asinadas polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais suposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurarse de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado.

14º- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º- Estar en comunicación permanente co servizo de Turismo facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, APP, 010, RRSS, etc.)

16º- Presentarlle ao Servizo de Turismo a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto sétimo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 96 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

17º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Quinto.- Obrigas do Concello

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Conceder directamente á Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, unha subvención por importe de 30.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento da Festa da Brincadeira 2026 que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Turismo, na aplicación 4320.4800004 (Brincadeira de Bouzas), do exercicio económico do 2026. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

3º - Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

4º- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento

5º- Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

6º- Colaborar na promoción dos eventos cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.

7º- Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de "especial interese ou utilidade municipal".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Sexto.- Pagamento da subvención

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A Asociación Amigos de la Historia e Bouzas comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 97 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei)

O Concello xestionará o pagamento á Asociación Amigos de la Historia e Bouzas polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da Concelleira da área de Turismo.

O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES30 0081 0506 0800 0165 3269 da entidade bancaria Sabadell, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Non obstante a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de hasta o 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao art. 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción das festas locais.

De conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público únicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- Xustificación da subvención

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT)), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 98 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2026, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaránse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 99 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recadará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Oitavo.- Difusión do carácter público do financiamento e das actividades do programa

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación Amigos da Historia de Bouzas adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo de Concello ademais das lendas indicadas polo Servizo de Turismo, en particular, no material gráfico editado, na páxina web nas presentacións públicas, actividades soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo con Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Turismo previamente ás impresións. Así mesmo, a Asociación Amigos da Historia de Bouzas entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende o Servizo de Turismo.

A difusión aos medios de comunicación de información sobre as actividades programadas (rodas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A Asociación Amigos da Historia de Bouzas comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 100 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

A Asociación Amigos da Historia de Bouzas facilitará ao servizo de Turismo, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, RRSS...).

En consecuencia co establecido na vixente ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Noveno.- Información

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral, Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

Décimo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo Primeiro.- Mecanismos de coordinación, seguimento da subvención e do convenio. Unidade Xestora.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Turismo nas propias actividades programadas.

Décimo segundo.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.

Décimo terceiro.- Modificación, denuncia, extinción e resolución de controversias

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración consulta, pero non así as obrigas contraídas neste.

A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

O convenio extinguese polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 101 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga
- b) O acordo unánime dos asinantes
- c) A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento da calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto- Protección de datos de carácter persoal

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concelleiro de da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

Décimo sexto. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

O Concello reservase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación Amigos da Historia de Bouzas das partes asinantes do convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 102 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Décimo sétimo.- Participación dos colaboradores da asociación

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual o de calquera outra índole ente a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo oitavo.- Destinatarios e participación

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Décimo noveno.- Seguridade

A Asociación Amigos da Historia de Bouzas deberá cumprir estritamente o Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

Vixésimo .- Publicación de convocatorias

En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo primeiro.- Lexislación aplicable

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 103 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

21(432).- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO NA ZONA 5 PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE. EXPTE. 5362/401.

Visto o acordo do Concello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 19/05/2026 e o informe xurídico da mesma data, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado '*Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva*' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 11.12.2025 (COD.SOL.: W1407631-251) D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil "PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL" con CIF B36621068, domiciliada en Praza de España s/n, presenta no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, a seguinte documentación:

- Instancia/ escrito polo que formula proposta de convenio de execución de planeamento, atendendo ás previsións do documento de revisión do PXOM de Vigo aprobado definitivamente, sobre as parcelas con referencias catastrais 3255201NG2735N0001AK, 3254201NG2735S0001YE, 3254302NG2735S0001LE da súa propiedade, sitas na Praza de España.

- Borrador/ Proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento.

I.III. En data 30.01.2026 a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 03.02.2026, en cumprimento das labores de control que estatutariamente ten conferidas.

I.IV. En virtude do solicitado, e trala negociación da dita proposta de convenio, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na sesión ordinaria do día 17.02.2026 acordou elevar á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o expediente de aprobación inicial da "PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 104 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

5.PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDAGRAN VÍA, CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE”.

I.V. En data 20.02.2026 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria acordou, “Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título: “PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 5.PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDAGRAN VÍA, CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE”.

I.VI. O texto de aprobación inicial do Convenio foi asinado polas partes intervincentes en data 03.03.2026 (trámite 56 do expediente electrónico).

I.VII. En cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública polo prazo dun (1) mes, mediante senllos anuncios publicados no diario “Faro de Vigo” en data 06.03.2026, e no Diario Oficial de Galicia núm. 65 do día 09.04.2026.

I.VIII. En data 13.05.2026 o Xefe de Servizos Centrais da XMU, estende dilixencia na que fai constar: “Que o *“texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 5, Praza de España, sobre as parcelas sitas entre a avenida Gran Vía, a rúa Conde de Gondomar e a rúa Fernando Conde”*, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos diarios de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 6 de marzo de 2026) e no Diario Oficial de Galicia (número 65, do 9 de abril de 2026).

Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.

En data 13.05.2026 o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emite certificación do resultado do trámite de información pública, do mesmo teor literal que a antedita dilixencia da xefa da oficina do rexistro desta XMU.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSC (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público),

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 105 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOM/2025, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Aprobación definitiva

O RLSG recolle nos artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

Deste xeito, trala aprobación inicial do texto inicial do Convenio pola Xunta de Goberno Local, e a vista do resultado do preceptivo trámite de información pública, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feito, sen que se teñan presentado ningún escrito de alegacións, procede neste intre a ratificación do texto definitivo do convenio polo órgano municipal competente, a publicación do acordo de aprobación do Convenio e do texto asinado no DOGA e a súa anotación no rexistro de convenios e copia ao arquivo de convenios.

II.III. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, unha vez finalizado o trámite de información pública de aprobación do texto inicial do “CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 5.PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDAGRAN VÍA, CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE”, sen terse recibido escrito de alegacións algún, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivo sen necesidade de nova sinatura, correspondéndolle a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo, a ratificación do texto definitivo do presente convenio de execución de planeamento.

Por canto antecede ,PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.: Ratificar e elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial do “*Convenio urbanístico de execución de planeamento na Praza de España, sobre as parcelas sitas entre a Avenida Gran Vía, a rúa Conde de Gondomar e a rúa Fernando Conde (Zona 5)*” adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 20.02.2026, ao non terse recibido escrito de alegación algún, polo que o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivamente aprobado, producindo a aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 106 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

SEGUNDO.: De conformidade co establecido no artigo 403 do RLSG, proceder a publicación do texto íntegro do Convenio Urbanístico de referencia no Diario Oficial de Galicia, así como a súa anotación no Rexistro de Convenios, remitíndose copia do mesmo ao Arquivos de Convenios.

TERCEIRO.: Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses (arts. 123 e 124 da LPAC), a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026. Expte. 22018/77.

.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 10287/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 107 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

22(433).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026. Expte. 22018/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES**I. Obxecto:**

Dende a unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coa Empresas, Turismo e Xuventude procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026.**

Estas axudas están dirixidas á creación de emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos discontinuos nas convocatorias 2023, 2024, 2025 co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación e a mellora da estabilidade laboral do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 108 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 21976-/77 consta remitido en data 13/03/2026 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego 2026 do Concello de Vigo, por canto requería a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data **23/04/2026** a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2026 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe da subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local: *“... entende que non existe incompatibilidade co “PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2026 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego, complementaria ás establecidas dende a Xunta de Galicia, e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollan as bases reguladoras das axudas, sen prexuízo de que deberá terse en conta que os distintos programas de axudas establecen as ordes de convocatoria a compatibilidade para a percepción concorrente doutras axudas concedidas por administracións, entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, para a mesma finalidade sen que en ningún caso poidan superar o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria, ou se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza..”*

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o de-

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 109 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

porte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafes 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

V. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 1ª: modifícase o período dos gastos subvencionables para permitir o financiamento daqueles nos que incorran as entidades beneficiarias, tras a finalización do período subvencionable da convocatoria do ano 2025 (31/07/2025) comprendendo, deste xeito, dende o 1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026 (engádese un mes máis ao período subvencionable), o motivo é que as entidades podan cubrir os períodos estivais de campamentos.

- Base 3ª: Se establecen dous programas de subvencións:

3.1 PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO PARA NOVAS CONTRATACIÓNS OU TRANSFORMACIÓNS.

- No seu último parágrafo elimínase o seguinte “independentemente do momento de formalización do contrato (dentro do período subvencionable...),” esta modificación débese a que a contratación mediante a modalidade contractual de Mellora da ocupabilidade soamente pode ser utilizado a partir da data de publicación da convocatoria, xa que é preciso informe favorablemente da Xunta de Galicia para o seu uso, polo que non pode ser utilizado na totalidade do período subvencionable senón a partir da autorización da Xunta de Galicia.

Se establecen as modalidades de contratación subvencionadas con cargo a esta convocatoria:

A. TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS. Este apartado abrangue as transformación a indefinidos tanto de contratos temporais en fixos ou fixos discontinuos, coma a transformación de contratos fixos discontinuos en contratos fixos.

B. CONTRATACIÓN FIXA OU FIXA DESCONTINUA. No suposto de baixa voluntaria do traballador incorporase o parágrafo “A xustificación da baixa voluntaria do traballador deberá realizarse mediante a presentación, no intre da xustificación, de certificación de empresa onde se recollese o motivo da baixa.”

C. MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 110 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

3.2. FOMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL DO PERSOAL CONTRATADO OU TRANSFORMADO EN FIXO OU FIXO DESCONTINUO NAS CONVOCATORIAS 2023-2024-2025.

ANUALIDADES 2023-2024-2025.

Incorporase o seguinte parágrafo: "Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado nas convocatorias e convenios do 2023 ata 2025 do Plan Municipal de Emprego, sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2025 e se tivese dado cumprimento aos requisitos esixidos respecto do persoal seleccionado e dos procesos de selección."

Incorporase o dato de porcentaxe máximo do 100% no suposto A) Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado na anualidade 2025.

Os apartados B) e C) modifícanse nos seguintes termos:

B) O parágrafo queda redactado do seguinte xeito "Comprende o fomento da estabilidade do persoal contratado como fijos ou fijos discontinuos o transformados en fixo ou fixo discontinuo no período subvencionable das convocatorias 2023 (01/08/2022-31/07/2023), 2024 (01/08/2023-31/07/2024) e se mantivese vixente as contratacións de xeito ininterrompido máis aló do 31/07/2025 e atópanse imputados ao proxecto da nova convocatoria". Admítese a posibilidade de transformacións de contratos indefinidos de fijos discontinuos a fijos e a necesidade de que o traballador atópanse imputados ao proxecto da nova convocatoria.

C) O parágrafo queda redactado do seguinte xeito "Comprende as persoas contratadas ou transformadas en fijos ou fijos discontinuos no período subvencionable na anualidade **2025 (01/08/2024 ata 31/07/2025)** cuxos custes salariais e de seguridade social **non** fosen obxecto de financiamento en dita anualidade, sempre e cando se mantivesen vixentes as contratacións sen interrupción máis aló do 31/07/2025 e se cumprise co proceso de selección establecido, na Base 13ª.2 da convocatoria e se atopen imputados ao proxecto da nova convocatoria. Engádese a necesidade de que o o traballador atópanse imputados ao proxecto da nova convocatoria.

Tanto no apartado B coma no C a porcentaxe máxima aplicable na presente convocatoria será o 50% (nas convocatorias anteriores o suposto C tiña unha porcentaxe do 75%) dos meses imputados cun máximo de 9 mensualidades.

Na base 4ª:- Modifícanse as cantidades dos programas: **Programa II "Entidades sociais e asistenciais"**, **III: "Organizacións sindicais"**, **Programa VI: "Entidades deportivas"**, pasando a contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros) a ter a seguinte distribución:

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 111 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: **245.000,00 €** (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: **575.000€** (cincocentos setenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: **35.000** (trinta e cinco mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: **200.000,00 €** (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: **145.000,00 €** (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: **190.000(cento noventa mil euros)**. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

- Anexo V: no documento incorporase mediante Java scrip as fórmulas de cálculo tanto referidas aos custes salariais e de seguridade social segundo a liña de subvención (fomento do emprego de novas contratacións e fomento da estabilidade laboral) e o computo do período temporal da contratación. Actualizado á nova convocatoria.

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2026 do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 112 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 113 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude (Resolución de Alcaldía do 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 1.390.000,00 € (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “programa de axudas ao plan de emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2026 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Ane-xos ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 114 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2026.

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de “**SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**” no marco da actuación municipal para o ano 2026, se integran na liña 4.7.- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratégico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08/03/2024; ao seu efecto, ten por obxecto apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e o Fomento da creación e consolidación do emprego estable e de calidade no municipio.

Esta convocatoria de subvencións mediante concesión en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas están dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026** e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos descontinuos nas últimas convocatorias.

Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a fomentar a creación de emprego e favorecer a estabilidade laboral en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de persoas desempregadas na cidade mediante a contratación de postos de traballo ou favorecendo a continuidade de grupos e programas de actuación estables do persoal contratado nas convocatorias anteriores a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2025.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 115 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, ou emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | | |
|-----------------|------------------------------------|--------------------------------|
| ✓ Programa I: | “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: | “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: | “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: | “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 116 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. (DEBERÁN ACHEGAR CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE)
5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.
10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª, exceptuándose no suposto de transformación en contratos indefinidos; nestes casos se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación e que se requirirá para a súa comprobación.

BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1 PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO PARA NOVAS CONTRATACIÓNS OU TRANSFORMACIÓNS

1. A subvención cubre os **gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas **dende o 1/08/2025 ata o 31/08/2026** que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 117 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se establece un período **máximo** subvencionado de **9 meses** por cada posto de traballo solicitado.

Para a contratación de persoal fixo ou fixo discontinuo, a formalización dos correspondentes contratos deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/08/2025) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola existencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2**.

En todo caso, sexa cal fose o sistema de publicidade da oferta de emprego, só serán subvencionables os gastos do persoal contratado, sempre e cando concorran os requisitos previstos na **Base 13ª.3**

Non será exixible a realización do dito procedemento de selección, no caso do persoal cuxos contratos supoñan transformación de postos temporais en fixos ou fixos discontinuos, ou transformación de fixos discontinuos en fixos.

Débase ter en conta que no suposto de levar a cabo a contratación mediante a modalidade de Mellora da ocupabilidade e inserción laboral será preciso, a realización da selección segundo o establecido no procedemento previsto na súa normativa reguladora mediante a solicitude de persoas candidatas á oficina de emprego tramitando a correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. As modalidades de contratación subvencionadas con cargo a esta convocatoria son:

A. TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS

Este apartado abrangue as transformación a indefinidos tanto de contratos temporais en fixos ou fixos discontinuos, coma a transformación de contratos fixos discontinuos en contratos fixos.

- Comprende a transformación a indefinido no período comprendido desde o **1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026** do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroadada no municipio de Vigo alomenos desde o **1 de xaneiro de 2025**, e prestará servizos no mesmo.

- A os efectos de transformacións de contratos se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación ao SEPE e que se requirirá para a súa comprobación.

B. NOVA CONTRATACIÓN FIXA OU FIXA DESCONTINUA

- Comprende a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, dende o **1 de xaneiro de 2025**, para prestar servizos no mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 118 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

A/s contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1.**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/08/2025) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola existencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2.**

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar **inscrita no Servizo Público de Emprego**, estar **empadroadada no Concello de Vigo** alo menos desde o **1 de xaneiro de 2025**, e prestar servizos no municipio.

No suposto de que se produza a baixa definitiva da persoa traballadora seleccionada – en caso de non existir suplentes-, será preciso realizar un novo proceso de selección de acordo co establecido na base 13.1º.

Se unha persoa traballadora contratada na convocatoria anterior como persoal fixo ou fixo-descontinuo, causase baixa definitiva por decisión da entidade empregadora (despedimento/fin da actividade), non poderá ser contratada de novo con cargo á presente convocatoria para desenvolver a actividade do contrato anterior.

A xustificación da **baixa voluntaria** do traballador deberá realizarse mediante a presentación, no intre da xustificación, de **certificación de empresa onde se recollese o motivo da baixa.**

C. MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL

- Comprende a contratación por conta allea, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral** (modelo de contrato 405 cando a contratación se formalice a tempo completo e 505 cando cando se formalice a tempo parcial), dos/as traballadores/as seleccionados a través da Oficina de Emprego do SPEG (mediante oferta de emprego realizada pola entidade ao SPEG), de conformidade co establecido na normativa de aplicación a esta modalidade contractual.

- Para a contratación mediante a modalidade de Mellora da ocupabilidade e inserción laboral será preciso, a realización da selección segundo o establecido no procedemento previsto na súa normativa reguladora mediante a solicitude de persoas candidatas á oficina de emprego tramitando a correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

As persoas traballadoras deberán cumprir os requisitos na normativa de aplicación para este tipo de contrato, entre outras, estar en situación de **desemprego e inscritas na Oficina de Emprego**, e, ademais estar **empadroadas no Concello de Vigo** polo menos desde o **1 de xaneiro de 2025**, e prestar servizos no municipio.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 119 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.2 . PROGRAMA FOMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL DO PERSOAL CONTRATADO OU TRANSFORMADO EN FIXO OU FIXO DESCONTINUO NAS CONVOCATORIAS PRE-VIAS ANUALIDADES 2023 – 2024 - 2025.

Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado nas convocatorias e convenios desde a anualidade 2023 ata 2025 do Plan Municipal de Emprego, sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2025 e se tivese dado cumprimento aos requisitos esixidos respecto do persoal seleccionado e dos procesos de selección.

A) Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado na anualidade de **2025 (dende o 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025)** sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do **31/07/2025**, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

A porcentaxe máxima a imputar dos custes salariais e de seguridade social será do **100%** dos meses imputados cun máximo de **9 mensualidades**.

B) Comprende o fomento da estabilidade do persoal contratado como fijos ou fijos discontinuos o transformados en fixo ou fixo discontinuo no período subvencionable das convocatorias 2023 (01/08/2022-31/07/2023), 2024 (01/08/2023-31/07/2024) e se mantivese vixente as contratacións de xeito ininterrompido máis aló do 31/07/2025 e atópanse imputados ao proxecto da nova convocatoria.

C) Comprende as persoas contratadas ou transformadas en fijos ou fijos discontinuos no período subvencionable na anualidade **2025 (01/08/2024 ata 31/07/2025)** cuxos custes salariais e de seguridade social **non** fosen obxecto de financiamento en dita anualidade, sempre e cando se mantivesen vixentes as contratacións sen interrupción máis aló do 31/07/2025 e se cumprise co proceso de selección establecido, na Base 13ª.2 da convocatoria e se atopen imputados ao proxecto da nova convocatoria.

Nos apartados B) e C) a porcentaxe máxima a imputar dos custes salariais e de seguridade social será do **50%** dos meses imputados cun máximo de **9 mensualidades**.

3.3 Outros gastos subvencionables:

1.- Persoal Propio da entidade:

Serán subvencionables ata un **máximo de 2 persoas** traballadoras cunha antigüidade, cada un deles, mínima na entidade solicitante de **6 meses**, previa a xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente acreditada no Anexo V, e poderán ser imputados cos seguintes porcentaxes:

- **Persoal de Coordinación ou dirección** do proxecto presentado, **ata un 30%** dos custes salariais e de seguridade social
- **Persoal Administrativo**, ata un máximo do **20%** dos custes salariais e de seguridade social

O período máximo subvencionado dos gastos do persoal da entidade **non poderá ser superior ao período do persoal imputado á subvención**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 120 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Non poderá ser subvencionado persoal propio da entidade si non existe no proxecto presentado novas contratacións realizadas durante o período subvencionable 2026 (01/08/2025 ata 31/08/2026) ou persoal imputado na modalidade de Fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo discontinuo nas convocatorias 2023, 2024, 2025.

2.- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención só poderán imputarse ata un **máximo do 1,50%** do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
 - b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
 - c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
 - d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.
 - e) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais imputables á entidade.
 - f) Os gastos de procedementos xudiciais.
 - g) Custes salariais derivados de baixas temporais.
- No suposto de baixas temporais:

- 1. No caso de substitución da persoa traballadora titular, só serán subvencionables os custos salariais correspondentes á persoa traballadora substituta. A entidade beneficiaria da subvención deberá facerse cargo dos sobrecustos derivados das substitucións.
- 2. No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, deberán deducirse e, de selo caso, reintegrarse os gastos salariais correspondentes ao período de baixa.

O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado e considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación determinado polas presentes bases reguladoras da subvención. As facturas teranse en conta sempre que se emitan dentro do período subvencionable do **01/08/2025 ao 31/08/2026** e o seu concepto atópanse relacionado no tempo e directamente cos trámites necesarios para o inicio e desenvolvemento da actividade subvencionada.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 575.000€ (cincocentos setenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 35.000 (trinta e cinco mil euros).**
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 121 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 190.000(cento noventa mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

A presentación de solicitude de anticipo deberá realizarse nun prazo **máximo de dous meses** desde a notificación de concesión da subvención.

No suposto de solicitude de anticipo dita petición deberá realizarse previamente á presentación da xustificación final.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, a documentación acreditativa da realización do/s proceso/s de selección e conforme aos requisitos previstos na Base 13ª, todo elo, de conformidade co disposto na Base 14.3ª, de xeito que, se este extremo non quedase acreditado, non se poderá proceder ao pago do anticipo, salvo cando a documentación presentada integrante do dito proceso poida ser obxecto de emenda, en cuxo caso, se lle concederá un prazo de 10 días hábiles para a súa subsanación.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONES

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 122 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso, entre elas que as obrigas de pago de salario se cumpren nos prazos establecidos na normativa laboral aplicable
3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII** aprobado nesta convocatoria para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2026, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 123 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **así-nadas electronicamente** polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha** solicitude.

BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 124 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

c) **Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

d) **Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) **Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.**

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseguinte cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte formula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratación e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable **31/08/2026**.

Os cálculos para a solicitude e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) **Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente**

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 125 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de políticas activas de emprego da Concellería de emprego.....ata 4 puntos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 126 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- I. Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
- II. Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
- III. Unha (1) convocatoria2 puntos
- a) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:
- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
 - Superior ó 85%.....4 puntos
- (*) Aos efectos de valoración terase en conta a última xustificación realizada de convocatorias de subvencións da Concellería de emprego, inmediatamente anterior á presente convocatoria.
2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos
- Nº Socios
- De 500 a 1000 socios1 punto
- De 1001 a 1500 socios ou mais.....2 puntos
3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos
- 3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos.
- Exercicio (anualidade) comenzo das actividades:
- Anualidade 2025.....0,25 puntos
 - Anualidade 2024.....0,50 puntos
 - Anualidade 2023.....1,00 puntos
 - Anualidade 2022.....1,50 puntos
 - Anualidade 2021.....2,00 puntos
- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos.
- Un colectivo desfavorecido.....0,25 puntos.
 - Dous colectivos desfavorecidos.....0,50 puntos.
 - Tres colectivos desfavorecidos.....0,75 puntos.
 - Catro colectivos desfavorecidos.....1,00 puntos.
 - Cinco colectivos desfavorecidos.....1,25 puntos.
 - Seis colectivos desfavorecidos.....1,50 puntos.
 - Sete colectivos desfavorecidos.....1,75 puntos.
 - Oito ou mais colectivos desfavorecidos.....2,00 puntos.
- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos.
- Utilización da lingua Galega.....2 puntos.
 - Non utilización da lingua Galega.....0 puntos.
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 127 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Unha entidade colaboradora.....0,25 puntos.
 - Dúas entidades colaboradoras.....0,50 puntos.
 - Tres entidades colaboradoras.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais entidades colaboradoras.....1,00 puntos.
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
- Unha ou dúas actividades desenvolvidas.....0,50 puntos
 - Tres ou catro actividades desenvolvidas.....0,75 puntos.
 - Cinco ou mais actividades desenvolvidas.....1,00 puntos.
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos.
- Unha accións formativas.....0,25 puntos.
 - Dúas accións formativas.....0,50 puntos.
 - Tres accións formativas.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais accións formativas.....1,00 puntos.
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos.
- Posuír Control calidade (acreditado).....1,00 puntos.

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

4. Calidade e cantidade dos contratos.....Ata 30 puntos.
- 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
- 4.2. Modalidade de contratación:
- 4.2.1. Fomento do emprego
- I. Contrato mellora ocupabilidade.....1,00 punto por contrato.
- II. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
- III. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
- 4.2.2. Fomento da estabilidade laboral
- I. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
- II. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
- 4.3 Xornada:
- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego do Concello de Vigo.

BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 128 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimáranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aqueles que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aqueles que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aqueles que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun **prazo máximo e improrrogable de dez (10) días**, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 129 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%.
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto.
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 130 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 131 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da Comisión de Valoración, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

13.1. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A CONTRATACIÓN

As entidades solicitantes deberán realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, **5 días antes** da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no **Anexo VI. A entidade deberán presentar dúas ofertas unha asinada electronicamente polo representante da entidade e outra sen sinatura**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de publicación da oferta e data límite de presentación de currículums (o prazo mínimo de publicación da oferta será de 5 días hábiles entre o día de publicación e a data de presentación de currículums), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico **ofi.emplo@vigo.org**, cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto **“OFERTA DE EMPREGO SUBVENCÍONS FOMENTO”**
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido no Anexo VI Con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico **ofi.emplo@vigo.org**, **cando menos cun día hábil de antelación** á data de publicación, **indicando no asunto “OFERTA DE EMPREGO SUBVENCÍONS FOMENTO”**

Unha vez efectuada a publicación da oferta na páxina web municipal “Asociacións en rede” polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a través do enderezo de correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, se lle remitirá mensaxe de confirmación da publicación ou, de selo caso, o requirimento de emenda cando a oferta non se axuste ao disposto nestas bases ou ao proxecto presentado (Anexo V).

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a entidade beneficiaria poderá acordar a selección e proceder á súa contratación. A documentación xustificativa do dito proceso será remitida xunto coa xustificación e solicitude de pago da axuda, conforme ao previsto na Base 14ª, ou ben, de selo caso, xunto coa solicitude de anticipo.

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá comunicalo motivadamente ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego propondo, de selo caso, a súa substitución pola seguinte persoa candidata da listaxe de suplentes, ata esgotar a listaxe de reserva. So-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 132 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

amente no suposto de non haber suplentes, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente, se poderá solicitar unha nova convocatoria do proceso de selección.

A selección do persoal deberá axustarse ao solicitado no Proxecto de contratacións (Anexo V), de xeito que, unha vez aprobada a concesión da subvención non se poderán realizar modificacións dos postos de traballo a contratar previstos no dito proxecto salvo no suposto excepcional derivado de circunstancias que non se puideron prever no momento da súa presentación, en cuxo caso, previa solicitude razoada da entidade beneficiaria na que se acrediten debidamente as circunstancias concorrentes, se poderá proceder á modificación do posto de traballo solicitado, sempre que permanezan inalterables as demais características do proxecto de contratación, especialmente, en canto ao número de postos e a categoría ou grupo profesional, e que a modificación non supoña incremento do importe inicialmente solicitado, debendo obter a **conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego con carácter previo á convocatoria do proceso de selección**.

13.2 EXCEPCIÓNS AO PROCEDEMENTO PREVISTO NO PARÁGRAFO ANTERIOR:

a) Persoal cuxos contratos xa fosen formalizados dentro das convocatorias dos anos 2023, 2024 e 2025 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2025, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

Neste caso, a entidade solicitante deberá facer constar esta circunstancia en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

b) Persoal cuxos contratos supoñan transformación de postos temporais en fixos ou fixos descontinuos, ou transformación de fixos descontinuos en fixos.

c) Persoal fixo ou fixo discontinuo contratado dentro do período subvencionable (a partir do 1/08/2025) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, en cuxo caso, as entidades beneficiarias da axuda deberán acreditar a publicidade da oferta de emprego, a través do seu taboleiro de anuncios, páxina web e redes sociais e/ou a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos que se indican na **Base 13.3**.

d) Persoal contratado na modalidade de mellora da ocupabilidade e inserción laboral, na que, o procedemento de selección a seguir, será o previsto na súa normativa reguladora e se substanciará ante a correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá seguir o procedemento indicado **Base 13** para proceder á provisión do posto vacante.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 133 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13.3 REQUISITOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

Todo o persoal seleccionado pola entidade, nas convocatorias de ofertas de emprego realizadas con anterioridade ou posterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións deberán cumprir cos seguintes requisitos:

1. Inscripción como **persoa desempregada demandante de emprego**, cando menos, **desde a data da publicación da oferta de emprego** formulada pola entidade ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (contratos fixos ou fixos discontinuos) ou a Oficina de Emprego (contratos para mellora da ocupabilidade e inserción laboral) antes da finalización do prazo de presentación e recepción de currículum polas persoas interesadas en participar no proceso, establecido na dita oferta.
2. **Empadramento no Concello de Vigo**, cando menos desde o **1 de xaneiro de 2025**.
3. **Non ostentar cargo ou posto na xunta directiva** ou órgano de goberno da entidade á data de publicación da convocatoria de subvencións ou posterior.

Os anteriores requisitos deberán cumprirse no momento da selección e da contratación debendo ser verificados polas entidades solicitantes, sen prexuízo da realización das oportunas comprobacións posteriores polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

BASE 14ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de agosto, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 30 de setembro de 2026**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente polo representante legal da entidade (Anexo VIII) na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente polo representante legal da entidade (Anexo IX), conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación do proxecto.
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 134 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Persoal imputado nas convocatorias anteriores.- Fomento da estabilidade
 - Presentación de documento de Chamamento comunicado ao SPEG co período de contratación.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Folla de asistencia asinada polos participantes e o/a monitor/a ou diplomas acreditativos da formación recibida.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

3º) Memoria das contratacións realizadas con cargo á subvencións, conforme á Base 13ª

As entidades beneficiarias deberán acreditar o cumprimento do disposto na Base 13ª en canto ao procedemento de selección do persoal, en particular, a realización da convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c) da devandita Base, debendo remitir, en documento aparte, a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, indicando no asunto “**DOCUMENTACIÓN BASE 13 PROCESO SELECCIÓN SUBVENCIONS FOMENTO DO EMPREGO**” e tal e como se indica a continuación:

- a) **Certificado do/a secretario/a** da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade. Nos supostos de contratacións para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, deberán achegar a **Oferta de emprego** presentada e debidamente selada, incluído o número da mesma, tramitada pola Oficina do Servizo Público de Emprego.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 135 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- b) **Certificado do/a secretario/a** da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes. Nas contratacións para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, deberase achegar o informe que presenta a relación de persoas candidatas ao/s posto/s remitida pola Oficina do Servizo Público de Emprego cos resultados do proceso.
- c) Para os supostos de novas contratacións DNI, tarxeta de demanda de emprego ou informe de períodos de inscrición no SEPE, informe de vida laboral actualizada, certificado de empadramento actualizado e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera. A documentación deberá estar actualizada á data de publicación da oferta de emprego
No caso de transformacións deberán achegar DNI, vida laboral actualizada, certificado de empadramento actualizado, declaración responsable de que non forma parte da Xunta directiva e documento de comunicación ao Servizo Público de Emprego da transformación.
- d) Declaración responsable do/a representante da entidade conforme, cando menos, dende a data da publicación da convocatoria as persoa/s seleccionada/s, non ostentaban nin ocupan cargo algún na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade.
- e) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación, dende a data de inicio do período subvencionable (01/08/2025)
- f) Documento de información ás persoas traballadoras contratadas con cargo á subvención segundo o modelo do **anexo XII**.
- g) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

4º) **Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social**, así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo X - folia de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a ofi.emplo@vigo.org), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Os importes reflectidos e xustificados no anexo X non poderán ser superiores aos solicitados no anexo V para cada un dos conceptos polos que se solicita a subvención.

Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación que deberase presentar ordenada e de maneira clara:

- **Contrato de traballo** comunicado á correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego e **informe de vida laboral** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 136 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

do período de contratación do/s novo/s traballador/es fixo/s ou fixo/s discontinuo/s contratado/s ou con data posterior á data de transformación do contrato en indefinido.

- **Contrato de traballo de mellora da ocupabilidade e da inserción laboral** comunicado á correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego e informe de vida laboral expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contratos de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade** con cargo á subvención .
- No caso das **transformacións é preciso a presentación da comunicación** das transformacións presentada ao SEPE e se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación.
- Nóminas correspondente aos meses imputados xunto cos xustificantes do seu pagamento (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións bancarias).
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
- Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo X** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, xunto cos xustificantes de pago das mesmas, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**, Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XI**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

5º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

6º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de **quinze días** sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 137 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BASE 15ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de **dez (10) días hábiles** para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 16ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 17ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 18ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- O disposto na Base 13ª da convocatoria, cando as contratacións do persoal non se axusten ao procedemento previsto nestas bases ou ao solicitado no proxecto (**Anexo V**), ou ben, cando a/s persoa/s contratada/s non reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e/ou na oferta de emprego (**Anexo VI**)
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 138 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións.
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento.
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases.
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concurrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguente redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 19ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 139 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 140 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2026.

Primeiro. Obxecto e Finalidade.

Esta convocatoria de subvencións mediante concesión en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas están dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026** e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos discontinuos nas últimas convocatorias.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2025.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, ou emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 141 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatória (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Segundo. Beneficiarias.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | | |
|-----------------|------------------------------------|--------------------------------|
| ✓ Programa I: | “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: | “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: | “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: | “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrência competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto. Contía das axudas.

a) A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 142 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 575.000€ (cincocentos setenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 35.000 (trinta e cinco mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 190.000(cento noventa mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estabéllese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **así-nadas electronicamente** polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha** solicitude.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 143 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sétimo: Documentación

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 144 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseqüente cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte fórmula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratacións e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable 31/08/2026.

Os cálculos para a solicitude e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 145 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Oitavo. PROCEDEMENTO: Instrución, Resolución, Notificación E/Ou Publicación, Recursos e Renuncia.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun **prazo máximo e improrrogable de dez (10) días**, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 146 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%.
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto.
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 147 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da Comisión de Valoración, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

Noveno. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de políticas activas de emprego da Concellería de emprego.....ata 4 puntos:
 - I. Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
 - II. Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
 - III. Unha (1) convocatoria2 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 148 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

- a) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:
- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
 - Superior ó 85%.....4 puntos
- (*) Aos efectos de valoración terase en conta a última xustificación realizada de convocatorias de subvencións da Concellería de emprego, inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos

Nº Socios

- De 500 a 1000 socios1 punto
De 1001 a 1500 socios ou mais.....2 puntos

3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos

3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos.

Exercicio (anualidade) comenzo das actividades:

- Anualidade 2025.....0,25 puntos
- Anualidade 2024.....0,50 puntos
- Anualidade 2023.....1,00 puntos
- Anualidade 2022.....1,50 puntos
- Anualidade 2021.....2,00 puntos

b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos.

- Un colectivo desfavorecido.....0,25 puntos.
- Dous colectivos desfavorecidos.....0,50 puntos.
- Tres colectivos desfavorecidos.....0,75 puntos.
- Catro colectivos desfavorecidos.....1,00 puntos.
- Cinco colectivos desfavorecidos.....1,25 puntos.
- Seis colectivos desfavorecidos.....1,50 puntos.
- Sete colectivos desfavorecidos.....1,75 puntos.
- Oito ou mais colectivos desfavorecidos.....2,00 puntos.

c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos.

- Utilización da lingua Galega.....2 puntos.
- Non utilización da lingua Galega.....0 puntos.

d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos.

- Unha entidade colaboradora.....0,25 puntos.
- Dúas entidades colaboradoras.....0,50 puntos.
- Tres entidades colaboradoras.....0,75 puntos.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 149 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Catro ou mais entidades colaboradoras.....1,00 puntos.
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
 - Unha ou dúas actividades desenvolvidas.....0,50 puntos
 - Tres ou catro actividades desenvolvidas.....0,75 puntos.
 - Cinco ou mais actividades desenvolvidas.....1,00 puntos.
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos.
 - Unha accións formativas.....0,25 puntos.
 - Dúas accións formativas.....0,50 puntos.
 - Tres accións formativas.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais accións formativas.....1,00 puntos.
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos.
 - Posuír Control calidade (acreditado).....1,00 puntos.

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

4. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
- 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
- 4.2. Modalidade de contratación:
- 4.2.1. Fomento do emprego
- I. Contrato mellora ocupabilidade.....1,00 punto por contrato.
- II. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
- III. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
- 4.2.2. Fomento da estabilidade laboral
- I. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
- II. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
- to.
- 4.3 Xornada:
- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego do Concello de Vigo.

Décimo. Outros datos

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de agosto, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 30 de setembro de 2026**.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competen-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 150 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

te, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de **quince días** sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo Primeiro. Publicidade

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO xxxxx POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, en réximen de concorrência competitiva, realizada pola Concellería de Emprego do Concello de Vigo, no marco da actuación municipal para o ano 2026, se integran na liña 4.7.- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e o Fomento da creación e consolidación do emprego estable e de calidade no municipio, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social,

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 151 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2025 ata o 31 de agosto de 2026** e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos descontínuos nas últimas convocatorias., co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrência competitiva.

Cuarto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2026) do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 152 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 575.000€ (cincocentos setenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 35.000 (trinta e cinco mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 190.000(cento noventa mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asígnadas electronicamente** polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha** solicitude.

Sexto.- Documentación:

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 153 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseqüente cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte fórmula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratacións e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable 31/08/2026.

Os cálculos para a solicitude e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo- Outros datos:

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de agosto, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 30 de setembro de 2026**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

A presentación de solicitude de anticipo deberá realizarse nun prazo **máximo de dous meses** desde a notificación de concesión da subvención

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/06/2026 12:40

Páxina 155 de 160

2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026

CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

23(434).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 10287/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 21/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (10287-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (10287-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- “Autorizar a tramitación do expediente de PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE EXPTE: 10287-336

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 328.356,82€ (trescentos vinteoito mil trescentos cincoenta e seis con oitenta e dous euros) IVE incluído, sendo o importe correspondente ao 10% de IVE 29.850,62 € (vintenove mil oitocentos cincoenta con sesenta e dous euros).

e, dos cales 106.603,52€ corresponden ao período de 2026; 164.178,41€ ao período correspondente a 2027 e, 57.574,89€ ao período do 2028 que corresponda, con cargo á partida orzamentaria 3370.227.99.01 “GASTOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE VIGOSÓNICO”

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 31 de marzo de 2026 para a CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 156 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

VIGOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 26 de marzo de 2026 .

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 7 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (10287-336) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	LA DÉCIMA PLANTA, SL	96,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA DÉCIMA PLANTA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA DÉCIMA PLANTA, SL, o día 8 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida os días 11, 13, 14, 15, 18 e 21 de maio de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- A escritura de constitución da licitadora na figuran estatutos co obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (114.924,89 €), presentan o Modelo 390 do IVA do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 157 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (114.924,89 €), presentan certificado de boa execución do ano 2025 do terceiro que integra a solvencia e, sendo empresa de nova creación, relación de recursos humanos e materiais que posúe a licitadora.
- Solicitude de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva (13.850,69 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LA DÉCIMA PLANTA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LA DÉCIMA PLANTA, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 4 de maio de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 7 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeis a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 158 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2094/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Aadxudicar a LA DÉCIMA PLANTA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (10287-336) por un prezo total do contrato de 304.715,13 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.701,38 euros coas seguintes condicións:

- a) Incrementa a experiencia do persoal, por riba da esixida no punto 6.2 do prego de prescricións técnicas particulares, en:
 - Coordinador/a do programa: 5 (cinco) anos.
 - Técnico/a de son: 5 (cinco) anos
- b) Incrementa a formación do persoal, por riba da esixida no punto 6.2 do prego de prescricións técnicas particulares, en:
 - Coordinador/a do programa (cursos de como mínimo 20 horas de duración):
 - Posúe 4 (catro) cursos en animación xuvenil ou monitor/a de tempo libre, ou coordinador/a de tempo libre, xestión cultural con mozos/as.
 - Posúe 4 (catro) cursos en informática, en especial en bases de datos, follas de cálculo, deseño de páxinas web, así como noutro tipo de aplicacións e soportes para a xeración de contidos e o seu mantemento na Internet.
 - Técnico/a de son:
 - Posúe 200 horas ou máis de formación en vídeo, son, DJ e produción musical.
 - Posúe formación específica incluída no Ciclo de Grao Superior de Son en sonorización en directo. Posúe formación específica incluída no Ciclo de Grao Superior de Son en produción musical, audio e MIDI con software Pro Tools.
 - Posúe formación específica incluída no Ciclo de Grao Superior de Son como
- c) Comprométese a adscribir ao contrato a persoal que realizou cursos de formación en menores con NEE (necesidades especiais) de como mínimo 20 horas:
 - Monitor 1 (1 curso): SI.
 - Monitor 2 (1 curso): SI.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 22/05/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 159 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

24(435).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 12:40	Páxina 160 de 160
2093-1102 Aprobado por XGL 29/05/2026	CSV: A8BCB1-26CF3C-BDD736-KUE92V-YQXH9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		